

XEOGRAFÍA E HISTORIA (3º ESO)

Curso 2023/24

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de cualificación xerais da materia por porcentaxes divídense do seguinte xeito en cada trimestre:

- 60%: Dúas probas escritas.
- 30%: Traballo de investigación trimestral e por pares, dividíndose a devandita porcentaxe entre a realización e entrega do mesmo (20%) e a súa exposición (10%). Cada alumno sinalará que parte realiza, ben na redacción, ben na exposición, e terán cualificacións diferentes.
- 10%: Atitude e traballo na aula e na casa.

Os criterios de cualificación específicos da materia, para aquel alumnado con Adaptacións Curriculares Significativas (ACIS) por porcentaxes divídense do seguinte xeito en cada trimestre:

- 50%: Dúas probas escritas.
- 30%: Traballo de investigación trimestral e por pares, dividíndose a devandita porcentaxe entre a realización e entrega do mesmo (20%) e a súa exposición (10%). Cada alumno sinalará que parte realiza, ben na redacción, ben na exposición, e terán cualificacións diferentes.
- 20%: Atitude e traballo na aula e na casa.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

O alumnado que non supere a cualificación de 4,5 nunha avaliación, tras resolverse a suma das medias aritméticas de todos os criterios de cualificación arriba sinalados, terá que realizar un proba escrita no mes de xuño que será cualificada como o 100% da nota final dese trimestre.

No caso de suspender dita recuperación, empregárase a nota do exame de recuperación para facer media coas restantes avaliacións. Se a cualificación media global non supera o 4,5, o alumnado deberá realizar a proba escrita final da materia que será cualificada como o 100% da nota final da materia.

No seu defecto, aquel alumnado que suspenda ao longo do curso máis dunha avaliación terá que recuperar, no mes de xuño, as tres avaliacións ordinarias nunha proba escrita que será cualificada como o 100% da nota final da materia.

No caso do redondeo das cualificacións, este será á alza cando o decimal supere a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5. A avaliación considerárase aprobada cando se obteña unha cualificación de 4,5 ou máis, agás no caso de realizar a proba escrita final da materia, xa que o alumnado deberá obter un 5 ou máis para superala.

Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación e todo o proceso será guiado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.